

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Ministros do Goberno do Estado en funcións, celebrado o pasado 27 de maio, tomou o acordo de excluír da necesidade de pasar o trámite de avaliación ambiental a Reganosa.

Esta decisión é propia dun Goberno que despreza o cumprimento da lei e mesmo carece da máis mínima ética democrática cando se trata de defender determinados intereses empresariais.

Incumpre claramente a lexislación que non contempla como excepciónables no artigo 8 Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, casos coma os dunha planta regasificadora, moito menos cando o obxectivo é amparar a continuidade dunha planta cuxas autorizacións foron anuladas por sentenzas firmes do Supremo, violando, manifestamente, a legalidade e a doutrina do Supremo e do Tribunal Constitucional.

De feito, a xurisprudencia do Tribunal Supremo, sentenza de 9 de outubro de 2012, xa tombou un acordo de exclusión de trámite ambiental no caso do Centro Penitenciario de Pamplona, anulando a decisión do Goberno en base a unha disposición idéntica á que aplica agora o Goberno de Rajoy.

Tamén o Tribunal Constitucional, na súa sentenza 13/1998, de 22 de xaneiro, afirmou que os "exceptuables" pola súa excepcionalidade eran aqueles que correspondían a "[...] determinados proyectos, que se presentan, de este modo, como obligados remedios de urgencia con los que atender a situaciones extraordinarias y de imposible previsión". Insistiu en que só baixo estas condicións era admisible.

É evidente pois que esta actuación, sumada á concesión do Goberno en funcións da prórroga a ENCE, mostra a utilización por parte do Partido Popular das institucións para remar a favor de determinados grandes grupos empresariais.

A Xunta de Galicia ten que definirse, e ou ben está cos intereses xerais dos galegos e galegas ou está do lado da empresa, actuando con decisión fronte a un Goberno central que toma decisións que debería de tomar o Goberno galego.

Por todo o anterior, presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que actúe de xeito contundente contra o acordo de excluír da necesidade de pasar o trámite de avaliación ambiental a Reganosa e presente recurso contencioso-administrativo contra dito acordo do Goberno do Estado e/ou que previamente interpoña requirimento previo á vía xudicial.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:



Anton Sánchez García na data 30/05/2016 13:19:01

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 30/05/2016 13:19:08

Ramón Vázquez Díaz na data 30/05/2016 13:19:12

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 30/05/2016 13:19:16

Eva Solla Fernández na data 30/05/2016 13:19:19

Jose Javier Ron Fernandez na data 30/05/2016 13:19:24